



Obxectivo acadado: ninguén cobrará menos do Salario Mínimo Interprofesional

A CIG-Ensino logra que nas Escolas Infantís 0 – 3 anos ninguén cobre menos do Salario Mínimo Interprofesional (SMI)

Todas as traballadoras/es, tanto galegas como do resto do estado español, percibirán retribucións no seu salario base iguais ou superiores ás legais establecidas polo SMI, tras o acordo asinado no SIMA, ademais dos atrasos que correspondan dende o 1 de xaneiro de 2020.

A CIG-ensino acadou hoxe, diante do SIMA que todo o persoal, tanto galego coma do resto do estado regulado polo XII convenio de ámbito estatal de educación infantil, **perciba no seu conxunto e no cómputo anual, unha cifra salarial igual ou superior ao SMI (950€), ademais de recibir os atrasos que lles correspondan dende o 1 de xaneiro de 2020.** Así as categorías de educador ou educadora infantil, auxiliar de apoio e todo o persoal de administración e servizos verán recoñecidos por dereito os salarios que lles corresponden por convenio, **sen que o plus salarial do complemento de desenvolvemento e perfeccionamento profesional (CPP) sexa absorbíbel nin compensábel** ao estar pactado coma tal no artigo 59 do actual convenio colectivo en vigor.

A Comisión Negociadora do convenio reunirase o próximo martes 2 de febreiro de 2021 para modificar as táboas salariais coas cuantías e criterios fixados neste acordo e o seu posterior envío ao BOE para a súa

publicación. Os atrasos aboaranse, a quen os tivese, até o último día do mes seguinte ao da publicación das táboas salariais no BOE. Ademais, recolleuse que se neste 2021 se incrementase o SMI, procederase do mesmo xeito: adaptación das táboas na mesa de negociación, publicación no BOE e o mesmo prazo dun mes para aboar atrasos, caso de xerarse.

Accede á ACTA DO ACORDO nesta [ligazón](#).

Grazas á CIG-Ensinoponse fin a esta inxustiza salarial.

O pasado 29 de outubro reclamamos ante a comisión paritaria o axuste á alza das retribucións inferiores para equiparalas ao SMI, sen obter resposta algunha. Posteriormente, os días 13 e 30 de novembro, reuniuse a comisión negociadora para tratar sobre a adecuación das táboas salariais ao SMI e non se alcanzou acordo ningún. Tivo que ser na papeleta de conciliación en materia de conflito colectivo, como paso previo legal á demanda na Audiencia Nacional, metida no SIMA polos servizos xurídicos da CIG cando se acadou o obxectivo básico e legal que nos marcamos.

A CIG-Ensino non se parará aquí na loita pola defensa dos dereitos laborais e salariais deste colectivo, pois o obxectivo é seguir reivindicando a mellora e dignificación do

convenio da etapa de Infantil 0 – 3, como así fixemos na negociación do mesmo, chegando incluso a chamar á mobilización que secundamos nós sós, o que evidencia máis unha vez que o marco estatal non é o camiño. Todo o recollido historicamente neste convenio aí está, coa responsabilidade sindical de todos os demais sindicatos que os asinaron.

Nós, co voso apoio e confianza, seguiremos pelexando en Madrid e onde faga falla, pero como sempre vimos defendendo dende a CIG un Marco de Relacións Laborais Galego, próximo aos traballadores/as do sector e no que vós poidades participar e decidir, que sexa quen de mudar as dinámicas de negociación para acadarmos un CONVENIO GALEGO DIGNO E XUSTO.

O Diálogo Social é inútil e unha fraude: hai que elevar o SMI até os 1.150 euros.

A través do mal chamado Diálogo Social, lembramos que CCOO e UGT asinaron o IV Acordo Estatal de Negociación Colectiva, no que se establecía un salario mínimo de convenio de 1000 euros, o que motivou que desenvolvesen campañas baixo o lema '**Ponte a 1000**'. Na práctica, non só non puxeron o salario a 1000 euros mensuais, senón que mantiveron a precariedade e a

pobreza laboral na maioría dos convenios estatais, grazas ás reformas laborais do PSOE e do PP dos anos 2010 e 2012 que seguen sen derogarse. E eles seguen, nese falso diálogo, dando prevalencia ao marco estatal de negociación colectiva en detrimento do Galego e Provincial, afastando das escolas e o persoal traballador a negociación colectiva. Asinan convenios estatais negociados polas cúpulas sindicais de costas as persoas traballadoras e mantendo os salarios de miseria no conxunto da clase traballadora.

Dende a CIG consideramos necesario que se incremente o SMI, atendendo ás recomendacións da Carta Social Europea, segundo a que tería que ser, cando menos, o 60% do salario medio, que está en 1.917€ segundo o INE, **que o situaría nos 1.150€.** É **lamentábel que o incremento do SMI se sitúe novamente no Diálogo Social, estéril e fraudulento para os traballadores/as,** cando o que temos é que aplicar dunha forma clara e inequívoca o que establece a lexislación, o que indica a Carta Social Europea. Nos Orzamentos Xerais da Estado xa se contemplaba a conxelación do SMI. Aqueles que están no diálogo social, UGT e CCOO, fortalecen coa súa presenza nel a política de empobrecemento da clase traballadora por parte do goberno do Estado.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARÍÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal